

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DIA CINCO DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

No salón de sesións da casa do concello, sendo as once horas trinta minutos, do día cinco de febreiro de dous mil dezaseis, reúnen os membros da Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do señor alcalde, don Darío A. Piñeiro López, para realizar sesión ordinaria, coa seguinte asistencia, dona Begoña López Magdalena; don Pablo Rivera Capón e don José Manuel García Aldegunde.

Actúa como secretaria, Mónica Vázquez Fandiño.

Aberto o acto pola presidencia procede a tratarse a seguinte

1.-Comunicacións previas inicios de actividades.

1.1.-Solicitud de José Manuel González Sobrado, como representante de Avícola Eirexe SC, solicitando inicio de actividade de polos de curral e estercoleiro, en Eirexe – Lama.

Visto o informado no expediente pola señora Arquitecta Asesora Municipal, do seguinte teor literal:

“Ref^a.- Expediente de licenza municipal de obras do que é solicitante AVICOLA EIREXE S.C. para a construción de nave para explotación avícola de polos de corral, estercolero, almacén e solado de formigón en A Eirexe, parroquia de Santa María de Lama, municipio de Láncara. E solicitud de xullo de 2015 do promotor e da documentación de referencia e logo das sucesivas modificacións introducidas na posición e emprazamento da construcións e instalacións.

Documentación:

Proxecto febreiro de 2014 redactado pola enxeñeira técnica agrícola Isabel Arza Río

ANEXO a proxecto de xuño de 2014 redactado pola enxeñeira técnica agrícola Isabel Arza Río.

Modificado do proxecto de abril de 2015 redactado pola enxeñeira técnica agrícola Isabel Arza Río.

Certificado final de obra suscrito poa enxeñeira técnica agrícola Isabel Arza Río de abril de 2015.

(Rexistro de entrada de 21/08/2015) Achega Plano de superposición da construción co PXOM, Resolución do 30 de abril de 2014 da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e copia da licenza municipal.

(Rexistro de entrada de 8/10/2015 Achega Plano de superposición co PXOM, Resolución do 19 de xuño de 2014 da declaración de incidencia Ambiental, Informe do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 28 de setembro de 2015.

Asunto: Visita de comprobación efectuada as 12 horas do 15/01/2016.

Mercedes Maseda Martínez, arquitecta e arquitecta técnica, en calidade de técnico municipal, e en relación o asunto de referencia, INFORMO,

-Que efectuada visita de comprobación das obras de referencia, resulta que se atopan rematadas axustándose as condicións urbanísticas da licenza concedida, polo que se informa favorable”.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Tomar razón da verificación do cumprimento da normativa urbanística e técnica de aplicación, co deber de cumprir as condicións impostas con data 28 de setembro de 2015 polo órgano medioambiental competente que considera a instalación viable medioambientalmente condicionado ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto e na memoria presentada así como as propostas no seu ditame de Incidencia Ambiental de 19 de xuño de 2014.

2.- Comunicacions previas obras menores.

2.1.- Solicitud de Dona Manuela Besteiro López, para encintado de fachada dunha vivenda unifamiliar en Quintela-Trasliste.

Visto o informado no expediente pola señora Arquitecta Asesora Municipal, do seguinte teor literal:

“Ref^a.- Expediente de comunicación previa de inicio de obra menores para o encintado dunha fachada dunha vivenda unifamiliar de 8X4,5 ms sita en Quintela-Trasliste, a instancia de dona Manuela Besteiro López.

Mercedes Maseda Martínez, arquitecta e arquitecta técnica, en calidade de técnico municipal e en relación o asunto de referencia, INFORMO,

1º.- Que a edificación emprázase en terreos clasificados como solo de núcleo rural área de circunscrición do núcleo rural de Quintela, parroquia de Trasliste segundo o PXOM vixente.

*2º.- Que a intervención que pretende non deberá supoñer en ningún caso aumento de volumen, nin modificar as condicións de posición, nin afectar a estrutura do edificado, debendo consistir en obras de escasa entidade e técnica construtiva sinxela. **As obras cinguiranse as de rexuntado da pedra de fachada sin que supoñan alteración das características de composición de fachada nin do número, nin dimensión de ocos.** O artigo 45.10 apartado 1 letra a) das Normas Urbanísticas do PXOM vixente establece para as fachadas que poderán ser de cantería e **mampostería sen revestir** e que excepcionalmente no caso de ter revestimentos estes serán morteiros pintados u estucos de exteriores, prohibíndose calquera outro material de acabado.*

E polo que se informa favorable coas obrigas anteditas.

Base imponible para a liquidación do ICIO segundo ordenanza municipal de aplicación

(39) m² limpeza e rexuntado de fachadas en granito a 5,00 €/m² X 36 m²=180€

Un total de 180 €”.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Tomar razón da verificación do cumprimento da normativa urbanística e técnica de aplicación para encintado da fachada dunha vivenda unifamiliar en Quintela-Traliste, obras que non deberán supoñer aumento de volumen, nin modificar as condicións de posición, nin afectar a estrutura do edificado, debendo consistir en obras de escasa entidade e técnica construtiva sinxela. As obras cinguiranse as de encintado da fachada da vivenda.

Segundo.- Prestar aprobación ó imposto de construcións, intalacións e obras por importe de 5,58 euros.

Terceiro.- Prestar aprobación a taxa por ocupación de vía pública por importe de 3,60€.

3.- Cambio de titularidade actividades.- Solicitud de dona Verónica Regueiro Fernández de cambio de titularidade do café bar O Tapeo, situado en Avda Benigno Quiroga, 20.

Considerando que a solicitude formulada non reúne os requisitos esixidos regulamentariamente xa que non aporta

- conformidade da transmisión do anterior titular
- título que lexitima a ocupación do inmovible
- alta no IAE

E polo deberá ser completada cos documentos anteriores,

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Requirir a dona Verónica Regueiro Fernández ó abeiro de canto se dispón no artigo 71 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no prazo de **DEZ DÍAS**, a contar dende o seguinte á recepción da presente notificación, para que subsane a devandita solicitude; de non ser así, terase por desistida da súa petición logo da resolución, que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 42 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

4.- Recoñecemento de trienios.

4.1.- Solicitud de D.Julio Neira Pérez,

Vista a solicitude formulada e os datos obrantes nas dependencias municipais

Acreditado que don Julio Neira Pérez ata o día 15/01/2016 tiña 2196 días traballados neste Concello mediante distintos contratos temporais.

Visto o apartado 6 do artigo 15 do ET, introducido en principio polo Real Decreto-Lei 5/2001, de 2 de marzo, transformado en Lei 12/2001, 9 de xullo, o dereito á retribución por antigüidade corresponde a todos os traballadores «calquera que sexa a súa modalidade de contratación»

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Estimar a solicitude de referencia recoñecendo os seguintes servizos previos a efectos de devengo do segundo trienio correspondente ó Grupo E a partir do 10/01/2016 a don Julio Neira Pérez con efectos económicos de 1 de febreiro de 2016:

4.2.-Solicitude de D. Antonio Ruben Sobrado Carballo, como persoal laboral fixo do Concello de Láncara, solicitando o recoñecemento do 4º trienio con efectos administrativos de 18/04/2014 e económicos de 1 de maio.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Estimar a solicitude formulada recoñecendo o cumprimento do 4º trienio a favor do traballador don Antonio Rubén Sobrado Carballo, con efectos administrativos desde o 18 de abril de 2014 e económicos desde o 1 de maio de 2014.

5.- Escritos varios.

5.1.- Escrito da Consellería de Medio Ambiente,Territorio e Infraestruturas, sobre multa por infraccións no punto limpo.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Autorizar e pagar a sanción imposta no expte LU-RES-2015/133 por importe de 1.400 euros con cargo á aplicación presupostaria 1621.226.

5.2.- Informe de D. José Luis Varela Fernández, en relación ao contenedor de obra á beira do camiño no lugar de Piñeiroá-Cedrón do seguinte teor literal

“D. José Luis Varela Fernández, encargado do servizo e en relación a notificación da Xunta de Goberno Local realizada o día 18-12-2015, sobre contedor de obra á beira do camiño no lugar de Piñeiroá.

INFORMO: Que personado no referido lugar puiden comprobar que existe un caseto metálico de obra á beira do camiño, marxe dereito, por baixo do caseto existen restos de pales de obra, como se acredita coa reportaxe fotográfica que se une este informe, así mesmo únese plano de situación de dito caseto.

E canto teño que informar”.

Consultados os datos obrantes nas oficinas municipais resulta que non existe licenza de ocupación de espazo público vixente que lexitime a ocupación.

Acreditado que o propietario do caseto é Torvar, SLU

Polo exposto, e dado que os elementos se encontran situados na vía pública ocupando o dominio público

Considerando que a dita ocupación non dispón de autorización de ocupación de espazo

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro: Requirir á propietaria do caseto situado en Piñeiroá, a mercantil Torvar, SLU, para que no prazo improrrogable de UNHA SEMANA, contado desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación adopte as medidas necesarias retirar a caseta de obra situada na beira do camino público e que se amosa nas fotografías, devolvéndoa ó seu estado orixinario, o cal deberá comunicalo a este Concello, a efectos da súa comprobación.

Segundo: Advertirlle, para o caso de incumprimento, da posibilidade de execución subsidiaria por este Concello.

Terceiro: Informarlle que ao abeiro do artigo 84 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e antes de ditar resolución no expediente de referencia, PONSE DE MANIFESTO O EXPEDIENTE E O SEU PROCEDIMENTO á interesada, para que no prazo de **DEZ DÍAS** poda alegar e presentar os documentos que estime pertinentes.

Se antes do vencemento do prazo o interesado manifesta a súa decisión de non efectuar alegacións nen aportar novos documentos ou xustificacións, terase por realizado o trámite.

5.3.- Escrito da Fundación Amigos de Galicia, sobre programas dirixidos ás familias con escasos recursos económicos, solicita colaboración dos Servizos Sociais do Concello e axuda económica

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Desestimar a solicitude de axuda económica xa que os propios servizos sociais do Concello teñen como competencia a cobertura das situacións de emerxencia social polo que non é posible establecer achegas económicas para este servizo, quedando á súa disposición para calquera outra colaboración non económica que poida ser de interese.

5.4.- O de Adif, nº 20/16, no que expoñen as deficiencias de sinalización no Paso a Nivel Clase A del P.K. 408/512, línea férrea Palencia-A Coruña, traxecto Sarría-Pobra de San Xiao, denominado "camino de las Traseiras"

Tras a colaboración prestada por persoal de ADIF para a localización no terreo dos pasos a nivel a sinalizar

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Comunicar a ADIF que sinalizaremos tal e como nos interesan proximamente.

6.- Aprobación padróns SAF: mes de xaneiro.

Vista a relación de usuarios do SAF básico/dependencia que achega a traballadora social do Concello correspondente ó mes de xaneiro de 2016, cun total de 33 usuarios por importe de 2.979,39 euros.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar o Padrón de usuarios do SAF básico/dependencia

Segundo.- Dar conta á tesourería municipal para que proceda a cargar os recibos nas contas facilitadas polos interesados.

7.- Solicitude de obras de mellora en vías provinciais.

O señor alcalde amosa unha serie de ortofotos da vía provincial LU-P2703, sinalando no plano unha taxa á altura do p.k. 5+470, un canal de 26 metros que é necesario limpar, e unha serie de mantementos ata o p.k. 5+550

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Dirixirse á Deputación Provincial de Lugo, servizo de Vías e Obras, para que adopte as medidas necesarias tendentes ó mantemento da estrada provincial LU-P2703 do concello de Láncara.

8.- Autorización de gastos. Contratos menores.

A.- Autorización de gastos

O orzamento do Concello de 2016 prevé créditos para realizar o investimento de sinalización vertical e horizontal para as rúas do núcleo de A Pobra de San Xiao.

Os traballos incluírán o suministro, transporte e instalación dos correspondentes materiais e demais traballos necesarios para a súa correcta implantación e funcionamento.

Como paso previo á contratación do suministro, compre xustificar a necesidade do dito contrato, polo que a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Realizar un estudo pormenorizado das necesidades e melloras da sinalización vertical e horizontal da vila, recabando a tal efecto informes dos técnicos municipais ós efectos de incorporar un prego de prescricións técnicas que rexerá o suministro e colocación dos ditos elementos.

B.1.- Contrato menor para contratación do servizo de animación do entroido.

Vista a proposta da Alcaldía para a adxudicación do contrato para a realización do servizo: "Festa Entroido", que incluírá instalación de inchables, presentador, DJ e carro de palomitas.

Consta no expediente acreditada a capacidade de obrar e demais documentación preceptiva

Visto que de conformidade con canto se establece polo artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o presente contrato pode cualificarse de contrato menor de servizos.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Adxudicar o contrato menor de servizos para a realización da Animación do Entroido a Enigma Organización de Eventos S.L., no prezo de 1.515,00 euros máis IVE, autorizando e dispoñendo o correspondente gasto con cargo á aplicación presupostaria 334.226.

B.2.- Contrato menor de subministración de ordenador para oficinas xerais.

Vista a proposta da Alcaldía para a adxudicación do contrato de subministración dun ordenador para a auxiliar administrativa, coa que se achega as ofertas económicas de Micromedia, SL, Sistemas de Oficina Lugo, SA e Dunid Servicios Informáticos sendo a oferta economicamente máis vantaxosa a presentada por Micromedia, SL que ofrece un prezo de 742,98 euros máis IVE. 156,02 euros, total 899,00 euros.

Visto que de conformidade con canto se establece polo artigo 138 do real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, o presente contrato pode cualificarse de contrato menor de subministración.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Adxudicar o contrato menor de subministración de ordenador para as oficinas xerais, posto da auxiliar administrativa, INWIN-H81M i5 4460 W7 Pro+Office 2013 Hogar y empresas no prezo establecido na proposta que se xunta de 899,00 euros, autorizando e dispoñendo o correspondente gasto con cargo á aplicación presupostaria 920.626.

B.3.- Contrato menor de servizo en materia de asistencia urbanística.

“Proposta de alcaldía para a adxudicación por contrato menor do servizo en materia de asistencia urbanística

É unha doutrina pacífica que as funcións propias dos arquitectos municipais, e en concreto as de intervención administrativa no uso do solo e edificación (licenzas urbanísticas e ordes de execución entre outras) poidan ser exercidas polos arquitectos contratados polos Concellos mediante contrato de servizos, ó abeiro da lexislación de contratos do sector público.

Non hai xurisprudencia que anule unha licenza urbanística porque o informe técnico estea feito por un arquitecto contratado que non sexa do cadro de persoal. Pero si hai sentenzas que anulan licenzas cando se omite o preceptivo informe técnico.

Para prestar o servizo de asistencia en materia urbanística, a tramitación do expediente de contratación esixe que se acredite o cumprimento dunhas mínimas garantías para contratar coa administración, e nomeadamente:

- Acreditación da plena capacidade de obrar do contratista
- Acreditación da solvencia económica, financeira, técnica ou profesional
- A non concorrencia de prohibicións para contratar coa administración
- A non concorrencia de incompatibilidades para contratar coa administración

O artigo 95 do TRLCSP esixe que os expedientes de contratación de contratos menores conste a aprobación do gasto con carácter previo a que se aporte a factura polo que é necesario un acordo expreso neste sentido, motivo polo cal é necesario que o gasto se soporte no expediente de contratación que corresponda.

Vista a necesidade e idoneidade do contrato que consiste na inexistencia no cadro de persoal do Concello de técnico competente que informe, fiscalice, e vele polo cumprimento da legalidade urbanística, que asuma a dirección de obra de pequenos investimentos, entre outros, ademais de exercer funcións nas seguintes materias:

- Planeamento e a súa execución, incluíndo facilitar ás persoas interesadas información sobre o réxime e condicións urbanísticas aplicables a un inmovible
- Intervención administrativa no uso do solo e edificación (licenzas urbanísticas e ordes de execución, comunicacións previas e declaracións responsables
- Disciplina urbanística (expedientes de reposición da legalidade urbanística, e de legalización)
- Patrimonio municipal (informes relacionados co Inventario de Bens e Dereitos do Concello, incluído deslinde, investigación e recuperación de bens patrimoniais, informes relacionados co Inventario do Patrimonio Municipal do Solo, incluído valoracións para os alleamentos ou permutas, informes sobre danos e perdas do patrimonio municipal, informes sobre pasaxes permanentes, reservas, autorizacións de ocupación de vía pública, concesión).
- Asesoramento para a xestión e organización do servizo de urbanismo e obras, que comprenderá a redacción de memorias valoradas e proxectos técnicos de obras con presuposto de execución por contrata hasta 50.000 euros, así como a súa dirección técnica.

Visto que de conformidade con canto se establece polo artigo 122 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o presente contrato pode cualificarse de contrato menor de servizos.

Propónse a súa adxudicación como contrato menor, de conformidade co disposto na vixente lexislación de contratos das administracións públicas.

A figura do contrato menor está definida polas contías (cando se trate de contratos de servizos 18.000 euros) que sinala o art. 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público que establece que os contratos menores poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte con a habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

Segundo prevé o art.111 TRLACSP

"1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente, ...

Polo exposto, propoño a adxudicación do contrato menor de servizos en materia de asistencia urbanística a José Ángel López Pérez Arquitecto Colexiado 4289 desde o 1 de febreiro de 2016 ata 31 de xaneiro de 2017, no prezo de 12.000 euros máis IVE, autorizando e dispoñendo o correspondente gasto con cargo á aplicación presupostaria 151.227.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Adxudicar o contrato menor de servizos en materia de asistencia urbanística a José Ángel López Pérez Arquitecto Colexiado 4289 desde o 1 de febreiro de 2016 ata 31 de xaneiro de 2017, no prezo de 12.000 euros máis IVE, autorizando e dispoñendo o correspondente gasto con cargo á aplicación presupostaria 151.227.

B.4.- Contrato menor de servizos para a recollida, valorización e eliminación de plásticos agrícolas.

Vista a proposta que achega Juan J. Salgueiro Penoucos, en calidade de xestor e representante da empresa SIMA S.L., para o servizo de recollida de plásticos agrícolas en todo o Concello, do seguinte teor literal

Logo de ler a proposta realizada por don Juan J. Salgueiro Penoucos con DNI nº 35316102-Q, actuando en calidade de xerente, e no nome e representación da empresa SIMA S.L., con nº de xestor autorizado SC-I-NP-XRT-138, que ofrece prestar o servizo de recollida de plásticos agrícolas (plásticos e bolsas de silo, plástico de invernadoiro) en todo o ámbito territorial do Concello de Láncara.

Os traballos incluírán a recollida dos residuos en cada un dos puntos de acopio establecidos polo Concello, así como o seu posterior traslado a xestor final autorizado (SOGAPOL, con nº de xestor autorizado SC-U-NP-XV-0073 e SC-I-NP-XV-0010), todo elo con unha periodicidade mensual estimada.

O servizo prestarase garantindo o correcto cumprimento da lexislación vixente en relación á xestión dos residuos non perigosos susceptibles da recollida (plásticos agrícolas) e aportando a documentación e permisos necesarios para a prestación de dito servizo.

Aboarase anulamente ó Concello de Láncara por este servizo de recollida de plásticos agrícolas un canon de 5,00 € por tonelada.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Adxudicar o contrato menor de servizos para **recollida, valorización e eliminación de plásticos agrícolas**, a Soluciones Integrales para el Medio Ambiente, S.L, no prezo equivalente a un canon a favor do concello de 5 €/Tm pola valorización do residuo obxecto do contrato.

9.- -Recoñecemento de obrigas por gastos autorizados e dispostos.

9.1.- Adif, fac. nº 1601004889, aluguer terreos P.K. 410/652L., Pobra de San Xiao, 109,81 €.

9.2.- El Progreso fac. nº 3-4237, periódicos mes de xaneiro, 281,79 €

9.3.-Electro Sarria S.L.L.,fac. F16/8 ,mantemento alumeadado público mes de xaneiro 768,51 €

9.4.- Overlease, S.A. fac. nº V216004867, aluguer batería coche 118,42 €.

9.5.- Mapfre , fac. nº 2016 12964, póliza colectiva de seguros, xaneiro, 663,85 €.

9.6.- Orona S. Coop, fac. 1604055472, asistencia técnica ascensor, 1º trimestre 290,40 €

9.7.- Limpergal S.L.,fac. nº 1090, recollida lixo xaneiro 4884,92€.

9.8.- Intermax Technology, SL.fac. nº 7, internet escolas, 196,02€.

9.9.- Iván Taboa Prego (Soluga), fac. nº 16002, analítica auga consumo, 1509,43 €

9.10.- Iván Taboa Prego (Soluga), fac. nº 16005, análise augas residuais vertedoiro, 1345,36 €

9.11.- Crescon 2000 S.L.U.,fac. nº 32, cambiar placas cuberta polideportivo 3811,50 €.

9.12.- Efigal Norte SLU, fac. nº 2016-093EF, 20º pago iluminación pública, 119,74 €

9.13.- Efigal Norte SLU, fac. nº 2016-094EF, 9º pago iluminación pública de Vilaesteva, 127,56 €.

9.14.-José Manuel Fernández fac. nº 2016/001,kung fu,xaneiro,272,25 €.

10.- Recoñecemento de obrigas con simultánea autorización e disposición do gastos.

10.1.- Arturo Rivera Díaz, fac, nº 011/2016, bombonas para cabalgata de Reis, 38,40 €.

10.2.- Moleskine,S.L., fac. nº 85, diverso material de oficina, 348,70

10.3.- Eusebio Loureiro Martínez, fac. Nº e/1, limpeza cunetas en Souto de Lama e camiños do monte, 459,80€

10.4.- Wolters Kluwer España, S.A., fac. nº 10003917, revista O Consultor de Concellos e Xulgados, 684,32€

10.5.- Enigma Organización de Eventos SL, fac. nº 7, animación cabalgata de Reis e decoración Nadal, 2.480,50 €

10.6.- M^a Carmen López López, fac. nº 36, agasallos para reis, 310,80 €

10.7.- M^a Carmen Pumariño Maciñeiras, fac. nº 02/2016, produtos suministrados para cabalgata de Reis, 234,98 €.

10.8.- M^a Carmen Pumariño Maciñeiras, fac. nº 01/2016, produtos suministrados para pleno de Nadal, 59,47 €.

10.9.- Servital, Servizo Sociosanitarios, S.I., fac. nº 5048, SAF dependencia, mes de xaneiro, 475,03 €.

10.10.- Electro Sarria, S.L.L., fac. nº F 16/10, traballos realizados nos alumeados públicos de Toirán, Lán cara e Pobra de San Xiao, 399,30 €.

10.11.- Construcciones Ayán Lán cara S.L., fac. nº 1, colocación de tubos no camiño de Pedreira, 1.125,30 €.

10.12.- Iván Taboa Prego (Soluga), fac. nº 16001, analítica auga consumo tras vertidos o río 1371,18 €

11.- Asuntos de urxencia.

Non houbo.

E non tendo máis asuntos de que tratar polo señor alcalde-presidente levántase a sesión sendo as catorce horas e trinta minutos do que eu, secretaria dou fe.